

Valle-Inclán tamén falou galego no Salnés



O 25 de Novembro do pasado ano, dentro da campaña de protesta pola representación dunha obra en español por parte do CDG, representou-se unha nova *Comédia Bárbara* na Casa da Cultura de Vilagarcía de Arousa. Para este novo acto de reivindicación da nosa lingua, pero que tamén quixo ser unha homenaxe a un autor arousán –e por iso tamén universal–, A Mesa contou co apoio e colaboración, de novo, da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena e, nesta ocasión, tamén co traballo de actores e actrices afeccionados de Vilagarcía, que coordinaron e ensaiaron a dramatización da lectura dos relatos “Malpocado”, “O medo” e “Un cabecilla”, publicados os tres na nosa lingua en vida do propio Valle-Inclán, no ano 1919, en *A Nosa Terra*.

Nestas lecturas dramatizadas participaron así mesmo escritores, intelectuais, xornalistas e alumnado e profesorado dos centros de Ensino Médio da comarca do Salnés, quen contaron coa colaboración das Concellarías de Cultura e Xuventude do Concello de Vilagarcía. Entre todos eles, podemos sinalar a


participación dos escritores Ramón Caride, Emilio Insua, Xoán Fuentes e Domingo Tabuyo, así como do presidente da Asociación “Alexandre Bóveda” Xesús Castro Ratón.

A poetisa Xaquina Trillo recitou a *Cantiga de Vellas*, que o escritor de Vilanova de Arousa publicou xa no ano 1910 en galego.

A peza teatral de Valle-Inclán, que subiu ao escenario da Casa da Cultura de Vilagarcía na versión ao galego que dela fixeron o escritor Manuel Rivas e a profesora Dolores Vilavedra, foi *A testa do Bautista*, dramatizada polos actores Xosé A. Porto, Patricia Vázquez, Carlos Blanco, Pepe Varela, o artista Sebas Anxo, o profesor Ramiro Paz e o xornalista, escritor e crítico teatral Camilo Franco, quen tamén, xunto co representante da Mesa en Vilagarcía, Chema Fernández, presentou e coordinou este acto, que reuniu a máis de dous centenas de persoas que quixeron ese día, e unha vez máis, afirmar coa súa presenza, como xa hai tempo dixo o Adrián Solovio que andaba *arredor de si*, que “por Galicia e na Galicia somos europeos e planetarios”.

14 de maio, ás 12 da mañá

Carreira en defensa da lingua



Cartaz ano 1996

Os Institutos "Fermín Bouza Brey" de Fontecarmona e "Armando Cotarelo" de Sobradelo organizaron nove edicións consecutivas da **CARREIRA DAS LETRAS GALEGAS** para escolares dos catro Institutos de ensino secundario de Vilagarcía. Nestas carreiras sempre se combinaron dous aspectos, o deportivo e mais o reivindicativo sobre a situación do noso idioma a propósito da celebración da semana das letras galegas que se conmemora nos centros de ensino.

Sempre se mantivo como criterio fundamental o conseguir unha elevada participación dos escolares como xeito de promoción e impulso á actividade deportiva así como á actividade de normalización lingüística. Neste sentido, o aspecto competitivo sempre quedou nun segundo plano respecto do carácter lúdico e participativo do acto.

Como queira que no Salnés vén funcionando con regularidade a Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística dos nove Institutos de Secundaria, A Mesa pola Normalización Lingüística fixo-lles a proposta para que este ano a Carreira tivese ámbito Comarcal e fosen a Coordinadora e A Mesa as co-organizadoras da mesma.

Logo de contar cos parabéns dos dous Institutos organizadores das nove edicións anteriores, a Coordinadora asumiu o compromiso da organización da carreira con ámbito Comarcal (I.E.S. "Monte da Vila" de O Grove, I.E.S. "A Basella" de Vilanova, I.E.S. "Ramón Cabanillas" e I.E.S. "Francisco Asorey" de Cambados; I.E.S. de Vilalonga; I.E.S. "Armando Cotarelo", I.E.S. "Fermín Bouza-Brey", I.E.S. "Calvo Sotelo" e I.E.S. Carril de Vilagarcía) e cun lema alusivo a unha carreira pola lingua. Nen que dicer ten que os seminarios de educación física dos dous institutos continuarán a colaborar na organización da carreira.



Cartaz ano 1998



Cartaz ano 1997

Así, como primeiro paso, a Coordinadora dos Equipos de Normalización Lingüística dos centros de ensino secundario da Comarca do Salnés, en colaboración coa Mesa pola Normalización Lingüística e o Concello de Vilagarcía de Arousa, convocaron un certame de deseño do cartel anunciador da carreira pola lingua que se celebrará o día 14 de maio.

Ademais, a comisión organizadora está tentando que diversas empresas e entidades colaboren na carreira mediante determinado tipo de aportacións.

Esta *carreira pedestre* celebrará-se o venres 14 de Maio, ás 12 horas da mañá.

O percorrido será desde Carril ata a Praza da Pescadería en Vilagarcía, transcorrendo na súa maior parte polo paseo marítimo.

Ao final da carreira, na Praza da Pescadería, terá lugar o acto de entrega de trofeos e agasallos e dará-se lectura a un manifesto en defensa da lingua. O acto estará conducido por un famoso persoeiro do mundo das artes escénicas.

Cuestións de nomenclatura*



“Nunca se me ocorreu saber qué sábios compoñen esa cuadrilla que impunemente comete nos documentos, guías e xornais oficiais os actos de piratería, de bandidaxe gramatical transformando nomes de pobos ao seu antollo. Eses bandoleiros deben ser indubidabelmente os neoclasicistas que todo o reducen ao castelán por lles semellar “poco finos” –é frase sua– os demais idiomas peninsulares [...] En Vilagarcía non nos libramos da praga [...]

Xa estamos afeitados a ouvir que a ría de Arousa, de todos os historiadores así chamada, é *Arosa*, quizáis polo “poco fino” do ditongo. Rubiáns é *Rubianes*, apesar da sonoridade da súa terminación, que ten ao seu favor ademais ser característica do dialecto galego falado nas Rías Baixas. Nalguns escritores deses, amigos do uniforme e dos uniformes, xa se le *Lobera* por *Lobeira*. Os que “hablan bien” din *Fuentecarmo* por *Fon-*

tecarmo (máis adiante, persuadidos do seu saber, dirán *Fuentecarmona*), quizáis pola mesma razón pola que a Pontearreas chaman *Punteareas* (¿por que non *Puntearenas*?). Xiabre é *Giabre* porque si. Pero, ¿e *La Laje*? ¿que será en castelán *La Laje*?

Con estes innovadores expomonos a que dentro de anos a Hortiña será *La Huertecita*; Vilaboa, *Villabuena*, e Piñeirño, *Pinito*. Transformarán o río do Con en *rio del Peñasco* [...] Cando un culterano se encontra cun apelido Vilariño fai-no *Villariño*; se é Fariña –histórico–, funde-o en *Harina*. Claro é que, tal vez, apoiando-se nas mesmas razóns estéticas, o que se apelida *Pombo* non se ha facer chamar *Palomo*.

Todos os que teñen no seu cognome a terminación *-eiro* desviven-se por desfacer o ditongo, que é “muy gallegote” [...] ¡Ouh, os que chamades ao Vento –lugar de Cea– *Viento*; a Pontearnelas e a Cedofeita chamaredes *Tempranhecha*; os que chamades ao *xeito jeito* e a Fefiñáns *Fefiñanes*, admiro-vos polo labor pacientísimo, sutil e trunfante que fará de Catoira *Catuera*, de Ribeira *Ribera* e de Caleiro *Calero*, por riba das academias, da etimoloxía, da fonética, da historia e do sentido comun [...]

*Artigo de Fermin Bouza Brei publicado, orixinalmente en castelán, no xornal de Vilagarcía de Arousa “GALICIA NUEVA”, no seu número 6.078, o 30 de agosto de 1923.

O Rexistro Civil nega-se a usar o galego

A Mesa apresentou unha denuncia ante a xuíza do xulgado de 1ª instancia e de instrución número 2 de Vilagarcía de Arousa pola negativa do Rexistro Civil que del depende a tramitar en galego a documentación relativa ao casamento dun cidadán que así o esixiu formalmente por escrito. A denuncia fixo-se extensiva a outras actuacións dese mesmo Xulgado que non se axustan ao disposto sobre o uso tanto oral como escrito do galego. A Mesa fixo-lle chegar a denuncia tamén ao Director Xeral da Consellería de Xustiza da Xunta de Galiza para que se tomen as medidas oportunas para evitar este tipo de agresións ao noso idioma.

No Rexistro Civil dependente do Xulgado número 2 non existe a posibilidade real de realizar a tramitación de nengunha solicitude en galego ao estaren os impresos redactados única e exclusivamente en español. Ademais, nos impresos oficiais

aparece a forma toponímica deturpada *Villagarcía de Arousa, forma que aparece tamén en toda a documentación das diferentes causas que se tramitan nese xulgado.

Por outra parte, aínda que as persoas se dirixan ao Xulgado en lingua galega, establecendo así que esa é a lingua que escollen para a súa relación coa Administración de Xustiza, contesta-se-lles sempre en castelán, lingua que é utilizada na tramitación de toda a documentación relacionada coas dilixencias xudiciais (cédulas de citación, sentencias, declaracións que se realizan en galego e se recollen en castelán, etc.)

Ante esta situación, A Mesa demandou da xuíza que tome as medidas oportunas para garantir o respecto da nosa toponimia e o dereito dos cidadáns e cidadás a usar e a recibir en correspondencia todos os trámites, oralmente e por escrito, na nosa lingua.

GALERÍA BORRÓN

Arte galega contemporánea

Avda. Galicia, 39 • 36630 Cambados. Pontevedra
Tel. e Fax: 986 520 122 • Correo electrónico: borron4@nagasys.es
Aberto de martes a sábado, de 11,30 a 14,00 e de 18,30 a 21,30

ENMARCACIÓN DE CADROS

MATERIAIS DE BELAS ARTES

MANUALIDADES

CENTRO COMERCIAL AROUSA
Baixo nº 1 - 1ª planta
Tel. 986 50 82 45
VILAGARCIA DE AROUSA

O galego nas mans da xente nova

Dende o curso 94-95 vén-se celebrando o Concurso Gráfico pola Normalización Lingüística, organizado polos Centros de Ensino Médio da comarca.

Os traballos dos alumnos e alumnas consisten na elaboración dun auto-colante, con lema e debuxo orixinais, para promocionar o uso do galego entre a xente nova. As autoras dos auto-colantes que este ano resultaron elixidas para o 1º, 2º e 3º premio foron Xiana Alonso Padín do I.E.S. de O Grove, Leticia Frieiro Rodríguez do I.E.S. "Armando Cotarelo" de Vilagarcía e Mila Domínguez Lorenzo e Cristina Domínguez Otero, tamén do I.E.S. de O Grove.

O premio consiste na edición dos auto-colantes que logo son repartidos masivamente entre o alumnado dos nove institutos (I.E.S. "Monte da Vila" de O Grove, I.E.S. "A Basella" de Vilanova, I.E.S. "Ramón Cabanillas" e I.E.S. "Francisco Asorey" de Cambados; I.E.S. de Vilalonga; I.E.S. "Armando Cotarelo", I.E.S. "Fermin Bouza-Brey", I.E.S. "Calvo Sotelo" e I.E.S. Carril de Vilagarcía).

